

O barrio da Magdalena Recordos da viaxe



Casa Pereira

Se as fachadas das vivendas convidan a alzar a vista, este é un espléndido exemplo para a súa contemplación.

Balcón do Ateneo
Contrasta o deseño da forxa de ferro, de estilo Rococó, co sobrio clasicismo do resto da fachada.



Praza de Galicia

Un dos escenarios urbanos nos que se pode gozar dalgunha das arquitecturas e esculturas que máis identifican á cidade: O teatro Jofre, o monumento ós caídos en África e a torre do Dique.

Galerías
Unha longa sucesión de miradoiros acristalados, auténticos espellos de luz, son unha das notas que distinguen a fisionomía deste barrio.



Detalle en pedra

Os elementos decorativos das galerías e balcóns, son un sinal da categoría da vivenda e non deben pasar desapercibidos para o visitante.

Casa Romero
Atrae a mirada pola fantasía ornamental que adorna as súas redondas galerías.



Edita: Concello de Ferrol. Turismo. Textos: Guillermo: Lueca. Fotos: Ovidio Aldegunde / Arquivo. Deseño e maquetación: item-aga Dep. Legati. C-1234-1998



O barrio da Magdalena

Ferrol, cidade atlántica



Ferrol
a cidade do mar



Concello de Ferrol
TURISMO

Oficina de Turismo
Portanova s/n
Tif. 981 446 700

Oficina de Turismo Porto
Peirao de Curuxeiras s/n
Tif. 618 522 527

O barrio da Magdalena

Galerías acristaladas fabricadas en madeira e pintadas de branco son características do barrio histórico.



Conserva un dos exemplos máis singulares do urbanismo do século XVIII. En 1761 o monarca Carlos III aproba o seu plan, realizado por unha serie de arquitectos militares.

A edificación desta nova estrutura urbana corre parella ás obras dos Arsenais e do Estaleiro Real de Esteiro, que motivan un rápido crecemento da poboación e determinan a creación deste terceiro barrio

histórico da cidade, que recibirá o nome da Magdalena en lembranza dunha antiga capela, hoxe en día desaparecida. As súas vivendas irán destinadas ós estratos máis elevados da sociedade ferrolá: oficiais da Mariña, técnicos da construción naval, profesionais liberais e comerciantes.

A súa ubicación dispónse no espazo baleiro comprendido entre o antigo núcleo pesqueiro de Ferrol Vello, da época medieval, e o poboado proletario de Esteiro, levantado no século XVIII. En canto ó seu trazado é un perfecto rectángulo, en forma de tableta de chocolate, con seis rúas longas e rectas que se cortan con outras nove que baixan perpendiculares. Para completar esta traza regular en cuadrícula ábrense dúas grandes prazas nos seus extremos laterais: a de Amboage e a de Armas.

Á singularidade do seu trazado hai que engadir a estética das súas vivendas. As primeiras casas, de dous e tres

andares, son as da rúa Magdalena, con edificios tan representativos como a actual sede do Ateneo Ferrolán, que data de 1762 e onde salientan os grandes balcóns de ferro forxado.

Co inicio do século XIX nace en Ferrol, para logo se estender por toda Galicia, un novo elemento arquitectónico, a galería acristalada, fabricada en madeira e pintada de branco, inspirada nas realizadas polos carpinteiros de ribeira cando cubrían a popa dos barcos. A súa difusión foi tan rápida que trasforma a fisionomía do barrio, de tal forma que presenta ata a actualidade unha longa sucesión de miradoiros acristalados, que dan ó conxunto unha especial fisionomía urbana. Tanto na Magdalena, como na súa paralela, a rúa Real, o visitante pode contemplar os mellores exemplos desta orixinal construción da arquitectura civil.

Co inicio da nova centuria, nas primeiras décadas do século XX, chega á cidade un novo estilo, o Modernismo, especialmente da man do arquitecto municipal Rodolfo Ucha, que incorpora ás fachadas tradicionais novos materiais construtivos, como o ferro e o cemento, creando uns chamativos modelos de galerías e miradoiros, con decoracións xeométricas e naturalistas, de elaborado e inspirado deseño, que fan destas vivendas auténticas obras mestras da arquitectura galega. Entre os diversos modelos que o visitante pode contemplar están a Casa Romero, rematada en 1910; o Banco Hispano-



Fonte de San Roque
Dende 1784 alberga o escudo heráldico máis antigo da cidade, co nome de Ferrol.

Americano, de 1916; o Hotel Suizo e a Casa Pereira, na rúa Dolores, que data de 1915.

Ademais desas fermosas vivendas, de diversa tipoloxía, o barrio amosa outras construcións, que merecen tamén a súa visita. Entre elas destacan:

A Fonte de San Roque: Alberga na súa pétreo fachada o escudo heráldico máis antigo da cidade, co nome de Ferrol. Aínda que no mesmo aparece unha torre cun farol, non é correcta a interpretación popular que fai derivar o seu nome dun farol, senón que probablemente proceda da toponimia celta, onde Ferrol sería a suma de dúas palabras que veñen significar "Porto próximo".

O Parador Nacional de Turismo: Foi construído como un grande pazo señorial, en 1960. Desde os seus miradoiros ofrece unhas espléndidas panorámicas dos Arsenais e da ría, como tamén dunha antiga fontemonteiro, en lembranza do mariño Churrucra, heroe da batalla de Trafalgar.

Capitanía Xeral e Xardíns de Herrera: É a residencia oficial do Capitán Xeneral do Departamento. Fronte a este palacio atópanse os coidados "Xardíns de Herrera", cun fermoso paseo de magnolios e a estatua en bronce do sobranceiro mariño e home de ciencia Jorge Juan, sinalando cun dedo os Arsenais, xa que foi un dos seus grandes deseñadores e o introdutor da técnica inglesa da construción naval.

Igrexa de San Xiao: Adicada ó patrón da cidade, comezou a levantarse en 1765, baixo a dirección do enxeñeiro e arquitecto de Mariña, Julián Sánchez Bort, quen constrúe un magnífico monumento da arquitectura neoclásica galega, elevado á categoría de Catedral en 1959.

Teatro Jofre: Unha das máis importantes obras da arquitectura teatral de España, inaugurada o 19 de maio de 1892.

Monumento ós ferroláns caídos en África: Inaugurado en 1949. Consta dun obelisco de case 15 m. de altura. Vai rematado por unha Victoria realizada



Igrexa de San Xiao
Adicada ó patrón desta antiga poboación, ofrece un magnífico exemplo do que foi a arquitectura neoclásica galega.

tamén en bronce polo escultor galego Asorey.

A peculiaridade do trazado do barrio da Magdalena, xunto á orixinal e variada tipoloxía das súas vivendas e edificios singulares, determinou que fose declarado pola Xunta de Galicia, en 1983, como conxunto histórico-artístico.



Xardíns de Herrera
No centro, estatua de Jorge Juan, en memoria dun dos creadores das grandes obras dos Arsenais, aparece rodeada de magníficos exemplares de magnolios traídos de Filipinas.



Casa Pereira
Unha orixinal resolución de galerías e balcóns, xunto cos novos materiais construtivos de ferro e de cemento.